



VI CONCURSO DE CONTOS "PASÁMOLO DE MEDO"

BASES

1. PARTICIPACIÓN

Poderá participar o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º nivel de EP matriculado no CEIP a Solaina.

2. OBRAS

Deberán ser contos de medo, escritos en **GALEGO**, ser **ORIXINAIS** e **INÉDITOS**. Só se poderá presentar unha obra por autor/a.



3. CATEGORÍAS

Unha categoría para 3º e 4º cursos e outra para 5º e 6º de Educación Primaria.

4. PRESENTACIÓN

A presentación farase en tamaño A-4 e a extensión máxima será de 4 folios por unha cara e deberá ir asinado con pseudónimo. Presentarase en sobre pechado. No interior deste, noutro sobre grampado ao traballo, figurarán o nome e apelidos, curso e grupo do autor ou autora.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os traballo entregaranse nas respectivas titorías antes do 20 de novembro de 2015.

6. PREMIOS

Haberá un premio para cada categoría. De ser o caso, poderase conceder ata un máximo dun accésit por categoría.

7. XURADO

O xurado estará integrado por tres membros do Equipo de Biblioteca e o EDLG. O coordinador do EDLG actuará como Secretario.

8. DITAME

Farase público no taboleiro de anuncios do vestíbulo do centro e a través da web www.edu.xunta.es/centros/ceipasolaina/, expoñendo a acta do fallo do concurso.

9. FINAL

A resolución do xurado será inapelable e este pode declarar deserto algún premio. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases, así como a decisión do xurado.

Narón, 26 de outubro de 2015

O Coordinador
do EDLG

A Coordinadora
do Equipo de Biblioteca